

## PEZA DO MES

marzo

2015



**ACUBILLO MONETARIO  
DE MONTE REGO**

XUNTA DE GALICIA



### Acubillo monetario de Monte Rego

Un acubillo é un conxunto de pezas reunidas de xeito intencionado que foron escondidas polo seu dono e nunca as recuperarían, chegando así ata a nós. Este tipo de conxuntos poden ser de distintos tamaños e composicións, orixinados por motivos de aforro ou dunha tesaurización e agóchanse nun momento de perigo, inestabilidade, crise social ou por outras situacións.

En Galicia, inicialmente, estaban formados por materiais preciosos presentados con lingotes, con xoias e con pezas recortadas utilizadas como medio ou forma de pago. Coa presenza da moeda dende a chegada dos romanos, os acubillos están compostos unicamente por series monetarias ou acompañadas con xoias, e indican a posición social dos seus propietarios. Estes acubillos acostuman aparecer en recipientes de uso cotián, como vasillas e petos feitos en cerámica na súa maioría, pero tamén en xerras e caldeiros de cobre ou bronce, bolsas de tea ou coiro e caixas de madeira. A súa composición vai indicar a data de formación polas pezas máis antigas, e a de ocultación polas máis modernas, proporcionando unha información fundamental para a arqueoloxía e a numismática. Os lugares onde se atoparon son de diferentes tipos: nas casas ou lonxe delas, como leiras e camiños, vinculados normalmente con achados casuais.

O acubillo de Monte Rego procede dun achado na parroquia de San Pedro de Cudeiro, entre as de Sartédigos e Vilar de Astrés, no antigo camiño real de Ourense a Santiago de Compostela. Esta localización relacionaríase co tránsito de xentes e tamén cunha poboación situada ao pé do camiño, nun lugar de paso, onde habería un desenvolvemento comercial e unha maior monetarización.

Está composto por un peto con moedas, das que se conservan cento corenta e nove, agochadas no seu interior. O peto é

de cerámica gris, de forma semiesférica e decorado cun cordón na súa metade. Está fracturado na parte superior, no lugar onde iría o remate ou botón, e cunha ranura horizontal por onde se introducirían as moedas. O fondo é plano con seis perforacións na súa base, que servirían para permitir o paso do aire e impedir a concentración de humidade que puider afectar a conservación das pezas. Este tipo de petos atéstanse dende a idade media, con lixeiras variacións nas súas formas e nos motivos decorativos, coma os atopados en Astorga, León ou en Penaturmil, ata a idade moderna, como os recuperados nas escavacións arqueolóxicas do patio románico do edificio do museo de Ourense. Este tipo de vasillas utilízanse para gardar moedas e o seu uso chega ata os distintos obradoiros da olaría tradicional galega, onde as producións máis antigas teñen unha forma semellante.

O conxunto monetario está formado por un grupo de moedas dos reinados de Afonso VIII, Afonso IX, Afonso X, Sancho IV, Fernando IV, Afonso XI e Xoán I, cunha cronoloxía dende finais do século XII ata a segunda metade do século XIV. Estas moedas denomínanse diñeiros e son característicos da idade media europea. O seu nome deriva do *denarius* romano de prata, pero neste caso son de billón, unha aliaxe de prata e cobre cuxas proporcións varían dependendo da época e perdendo progresivamente o contido en prata e, por conseguinte, o seu valor. Estes diñeiros acúñanse nas coroas de Castela e León dende finais do século XI ata o século XIV, perdurando a súa emisión con distintos nomes: coroados, novéns e cos medios diñeiros ou óbolos. Neles vanse gravar unhas imaxes: os bustos dos distintos reis, a cruz como símbolo da cristiandade e cos emblemas falantes dos dous reinos con castelos e leóns, xunto coas lendas que autentifican a súa lexitimidade; ademais van acompañadas de marcas ou símbolos como indicadores dos talleres de cuñaxe ou das distintas datas de emisión, onde predominan as cecas galegas.

As primeiras emisións corresponden ao reinado de Afonso VIII de Castela (1195-1256), con dezaseis diñeiros denominados burgaleses. Estes amosan, no anverso, o busto coroadado do rei rodeado da lenda ANFUS REX; no reverso leva un castelo de dúas torres cunha cruz no medio e dúas estrelas sobre as ameas, rodeado de CASTELA. As estrelas identifícanse coa marca da ceca da cidade de Toledo, a capital do reino castelán e, nalgúns casos, van acompañadas de puntos enriba delas como unha variante das datas de emisión.

O maior número de exemplares do conxunto monetario pertencen a un período que vai dos últimos anos do século XII ata finais do século XIII. Durante o reinado de Afonso IX de León (1188-1230) os diñeiros presentan no anverso un león, de claro significado heráldico, representado de forma moi esquemática, entre rampante e pasante, na que destacan a cabeza e mais as gadoupas, e coa lenda LEO na parte inferior. Enriba do león hai diversos símbolos: cruz, cruz sobre vieira, cruz sobre estrela ou sobre media lúa. Tamén



entre a cabeza e as patas dianteiras se localizan, nalgúns exemplares, as iniciais das letras das cidades ou marcas das cecas nas que foron acuñadas; e, noutros, distintos símbolos, como cruz sobre hastil, cruz e un símbolo ou letra x. No reverso mostran unha cruz ancorada, acantoadada de vieiras e, ao redor, a lenda ANFONS REX.

Estes diñeiros leoneses, sesenta e sete, clasifícanse no grupo II de Orol Pernas en distintos tipos e con variantes. Así, seguindo esta clasificación, corresponden a distintas cecas coas iniciais das cidades de cuñaxe ou con símbolos: C (A Coruña) –tipo 14–; SI entrelazadas (Santiago de Compostela) –tipo 27 e 20 variantes c, d–; e (Salamanca) –tipo 16–; O (Oviedo) –tipo 18–; L (Lugo) –tipo 17–, R invertida –Ciudad Rodrigo – tipo 19–. Con símbolos están: cruz sobre estrela (León) –tipo 21–, cruz sobre vieira –tipo 23–, cruz e diante x –tipo 31–, cruz sobre media lúa e diante cruz sobre hastil –tipo 22–.

Con Afonso X (1252-1284) prodúcese a unión dos reinos de Castela e de León e introdúcese unha moeda única para os dous reinos. Os exemplares, cincuenta e un, acúñanse a partir do ano 1261, constituíndo, no conxunto monetario, o segundo grupo en número. Son os chamados diñeiros de seis liñas ou da primeira guerra e, o seu divisor ou metade, o óbolo, co nome do rei, ALFONSUS REX CASTELLE ET LEGIONIS, distribuído en seis liñas no anverso; e con castelos e leóns acuartelados, emblemas heráldicos dos dous reinos, no reverso. Algúns exemplares teñen ademais diversos símbolos, como cruz grega, cruz potenziada, dous puntos, crecente e a vieira con algunhas variantes, colocados nos cuadrantes. Os símbolos dispostos normalmente no primeiro cuadrante da cruz identifícanse como marcas da ceca, aínda que a única que se pode atribuír, con seguridade, é a vieira á ceca de A Coruña; mentres os localizados no terceiro e cuarto cuadrantes interprétanse como marcas de emisión.

Dende finais do século XIII ata a segunda metade do XIV as representacións monetarias son menos numerosas. Con

Sancho IV (1284-1295) os diñeiros denomínanse coroados, polo busto do rei coroado, rodeado de SANC II REX no anverso. No reverso teñen un castelo de dúas torres con cruz no centro, con distintas marcas debaixo do castelo e sobre as ameas, e ao redor CASTELLE E LEGIONIS. As marcas identificadas pertencen ás cecas de Burgos –B e estrela–, A Coruña –vieira e estrela– e a León– con dúas estrelas nas ameas e un L debaixo do castelo–. Sobre o significado destas estrelas é difícil distinguir se se trata de simples elementos decorativos ou de variantes dos talleres de emisión durante o seu reinado.

As moedas atribuídas a Fernando IV (1295-1312) son tres diñeiros. Estes diñeiros amosan os emblemas falantes dos reinos: un castelo de tres torres, dentro de gráfila circular, e distintas marcas debaixo do castelo, rodeado de F REX CASTELLE no anverso; e un león pasante a esquerda, dentro de gráfila circular, con ET LEGIONIS, no reverso. A marca identificada é un T, inicial da ceca de Toledo, nun exemplar, mentres que noutros dous non presentan marcas.

Con Afonso XI (1312-1350) continúaase co sistema monetario anterior cun coroado e un novén ou diñeiro de gráfila cadrada, acuñados entre os anos 1330-1334. O novén amosa un castelo de tres torres coa lenda ALF REX CASTELLE no anverso; e un león rampante a esquerda dentro de gráfila cadrada con ET LEGIONIS, no reverso. O coroado presenta, no anverso, o busto do rei á esquerda, con ALFONS REX; e un castelo de tres torres, coas marcas situadas enriba da ameas esquerda un –S– e sobre a dereita unha cruz grega, e na porta do castelo, un –S– a inicial da ceca de Sevilla, con CASTELLE LEGIONIS no reverso.

As emisións máis modernas pertencen a Xoán I (1379-1390) acuñadas ata o ano 1385, con dúas variantes de coroados. Estes reflicten, nos anversos, o busto coroado do rei á esquerda coas lendas IOHANIS REX ou IOHANES; e un castelo de tres torres ou un castelo cunha cruz sobre hastil enriba da torre central, e ao redor CASTELLE LEGIONIS ou REX CAST ELIG nos reversos. Os talleres de cuñaxe corresponden a Burgos con B-S sobre as torres e cun B debaixo do castelo, e a do Segovia, coas iniciais S-E sobre as ameas laterais.

Así, pois, o acubillo de Monte Rego amosa unha serie de diñeiros que estaban en circulación dende finais do século XII ata finais do século XIV, sobre o ano 1385, posible data da súa ocultación por parte do seu dono, motivada quizais polas revoltas sociais acontecidas no reino de Castela na segunda metade do século XIV, nun lugar é beira do camiño real de Ourense a Santiago de Compostela e que non recuperou.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Purificación Rodríguez García

Francisco Fariña Busto


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA  
DE GALICIA